


Páxina na que o usuario poderá ampliar a zona que desexe dunha imaxe dada:




Como pode verse na imaxe, na parte superior dereita aparece a imaxe ao completo en miniatura cunha zona de cor que é a parte que a vai ampliada no recadro grande da esquerda. Cando o usuario arrastra a zona de cor sobre a miniatura, na parte esquerda irá aparecendo a zona ampliada que se atopa baixo o rectángulo coloreado.

Cando iniciamos a edición da actividade ábrese a pestana "Contido":



O primeiro que faremos será importar o gráfico co que queiramos traballar co botón "Escoja o gráfico". É conveniente usar gráficos con grandes resolucións, da orde de 1544 x 1024 ou superiores para logo poder obter unha imaxe nítida na área visible (recadro no que se visualiza a zona ampliada).

Unha vez inserido o gráfico, no campo "Imaxe" (1) aparecerá o valor en píxeis do seu ancho. Podemos usar as frechas para cambiar este valor, pero ao facelo observamos que tamén os campos "Ancho" das zonas "Miniatura" e "Área visible" (3) irán cambiando de forma proporcional.



Na zona "Área visible" podemos variar a cantidade de aumentos no campo "ZoomX" (2) ata un máximo de 20 X, pero ao facelo observamos como van cambiando os campos "Ancho" das 3 zonas de forma proporcional. O campo "Ancho" desta zona non é modificable, e depende directamente dos valores que establezamos no resto dos campos.

Na zona "Miniatura" o campo "Ancho" (1) é o único que podemos axustar sen que varíe o resto dos campos. Se facemos clic nas frechas, os valores cambiarán en intervalos predeterminados dependendo dos valores que haxa no resto dos campos "Ancho" nos outros recadros, pero se situamos o cursor dentro do campo poderemos borrar e escribir o valor que queiramos. As alturas da área visible e da área da miniatura sempre serán calculadas por Ardora de forma automática con respecto ás proporcións do gráfico orixinal. Co botón (2) poderemos elixir a cor da área móbil da miniatura que indica a zona a ampliar.

No recadro "Colores" pulsaremos no botón "Fondo" (3) se queremos cambiar a cor de fondo da páxina web, e no botón "Fonte" (4) para cambiar a cor das liñas de separación entre o enunciado e a actividade e entre a actividade e o autor, así como tamén o nome do autor se se incluíu. Como sempre, co botón (5) faremos a actividade compatible con dispositivos de pantalla táctil.

